



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE OUTUBRO DE 2018

LICENZAS

PARCELACIÓNS.-

FAVORABLES.-

LAP/167/2018.- ZELER LOXÍSTICA, S. L.- Conceder licenza para executar obras de nova planta para a construción dunha nave destinada a actividade de loxística-distribución-transporte na Avda. de Extremadura, 6 (parcela H1c02a do Polígono Industrial da Sionlla.

LIC/1921/2017.- JOSÉ MANUEL NODAR RON.- Conceder licenza para executar obras de demolición de vivenda unifamiliar en rúa Juan Uria Riu, 4.

LIC/1919/2017.- JOSÉ MANUEL NODAR RON.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación integral de vivenda unifamiliar con demolición total situada na rúa Juan Uria Riu, 4.

LIC/221/2018.- MARIA ASUNCIÓN PÉREZ ROMÁN.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa do Sandino, 53 A.

LIC/423/2018.- JUAN OTERO SUÁREZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Porto do Medio, 33 A.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para executar obras de nova planta para a construción dunha nave destinada a actividade de loxística-distribución-transporte na Avda. de Extremadura, 6 (parcela H1c02a) do Polígono Industrial da Sionlla. LAP/167/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para executar obras de demolición de vivenda unifamiliar na rúa Juan Uria Riu, 4. LIC/1921/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación integral de vivenda unifamiliar con demolición total, sita na rúa Juan Uria Riu, 4. LIC/1919/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa do Sandino, 53 A. LIC/221/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aceptación da cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Porto do Medio, 33 A. LIC/423/2018. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial do estudo de detalle da parcela 2 do

Quinteiro 18096 do Parque Empresarial da Sionlla. Rúa de Murcia, nº 5. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial da modificación puntual do Plan Parcial do SUNP-22 para a reordenación de volumes no Quinteiro 16. Castro de Abaixo. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á transmisión da licenza de taxi nº 44 a favor de don JOSÉ RAMÓN SEIJO SÁNCHEZ por falecemento do seu pai, don RAMÓN SEIJO SANMIGUEL, titular legal da mesma. Apróbase a proposta.

10 a 40.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

43.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á devolución de fianza do contrato de "Uniformidade policía local 2016: LOTE A: Prendas de confección a medida; LOTE B: Prendas para o auga; LOTE C: Calzado e LOTE D: Complementos de uniformidade". Apróbase a proposta.

44.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación do apoio do Concello de Santiago a unha iniciativa empresarial para a posterior solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da cualificación do seu proxecto como iniciativa local de emprego. Acórdase o apoio económico á iniciativa empresarial "nValor Consulting" no marco da liña de axudas á creación de empresas "Compostela Móvese 2019" para o financiamento do seu gasto corrente e da cesión gratuíta das instalacións do CERSIA.

45.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a ASOCIACIÓN DE PAIS, PROFESIONAIS E AMIGOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA". Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.500 euros.

46.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN USC DEPORTIVA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros.

47.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CENTRO CULTURAL SOCIAL JUAN XXIII de Santiago. Programa "Mantemento dos servizos do albergue Xoan XXIII ano 2018". Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 60.000 euros.

48.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO-PROGRAMA VAGALUME para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 30.000 euros.

49.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de pais de persoas con discapacidade intelectual (ASPAS) para o ano 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 6.000 euros

50.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN RONSEL para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 5.000 euros.

51.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 5.000 euros.

52.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN ITINERA DE VOLUNTARIOS DE SAÚDE MENTAL para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 5.000 euros.

53.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROGRAMA PROXECTO HOME GALICIA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 45.000 euros.

54.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA SARELA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.000 euros.

55.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FEFES GALICIA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 60.000 euros.

56.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 75.000 euros.

57.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO-PROGRAMA ATENCIÓN PRIMARIA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 100.000 euros.

58.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

59.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ANDREA DE APOIO AOS NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.000 euros.

60.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a COCIÑA ECONÓMICA DE SANTIAGO para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 60.000 euros.

61.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA ENFERMIDADES DO RIL DA CORUÑA "ALCER" para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 4.000 euros.

62.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de

Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE "ACEM" para 2018. Apróbase o convenio, que supón unhas achegas municipais de 9.000 euros.

63.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 23.000 euros.

64.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

65.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI), e de prevención e loita contra as violencias machistas para 2018. Acórdase conceder subvencións por un importe total de 22.328,70 euros, e segundo a seguinte distribución:

- _Asociación de Viúvas Rosalía de Castro: 2.500 euros
- _Asociación de Empresas de Inserción de Galicia-AEIGA: 1.500 euros
- _Federación Autismo Galicia: 2.506 euros
- _Asociación de Empregadas do Fogar XIARA: 2.000 euros
- _Asociación para a Promoción e Integración das Mulleres Galegas do Rural-AGRA: 2.577,60 euros
- _Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia-FADEMUR: 2.900 euros
- _Vogalía de Muller da Asociación Veciñal Camiño de Santiago: 790 euros
- _Asociación de Mulheres Nacionalistas Galegas: 470,30 euros
- _Plataforma Feminista Galega: 2.828,20 euros
- _Asociación Cultural e Veciñal As Brañas de Andrés: 1.500 euros
- _Sindicato Labrego Galego: 2.756,60 euros

66.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o PADROADO DA CASA DA TROIA. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 3.600 euros.

67.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación inicial do proxecto de Regulamento do Consello Municipal de Accesibilidade de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación da programación de actividades e gastos da campaña de sensibilización do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Apróbase a programación de actividades da campaña de sensibilización do 25N, por un importe total de 81.300 euros

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, relativa á aprobación da formalización dos acordos da comisión bilateral específicos para cada ARI, ao abeiro do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021. Acórdase a distribución das contías ofertadas pola administración do Estado e pola Comunidade Autónoma correspondentes á anualidade 2018 para cada unha das ARIS declaradas no Concello de Santiago.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de Definición, deseño, subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viarios municipais do ámbito rural. Orzamentos Participativos Compostela Decide 2017. Acórdase

adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa API MOVILIDAD SA, por un importe de 49.675,21 euros máis IVE.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, relativa á imposición dunha sanción á empresa COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS SA pola demora acumulada na execución do contrato de mellora das instalacións de alumeado público nos accesos á cidade de Santiago. Fase II. Acórdase a imposición dunha sanción 3.367,62 euros.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, relativa á imposición dunha sanción á empresa COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS SA pola demora acumulada na execución do contrato de mellora das instalacións de alumeado público nos accesos á cidade de Santiago. Fase IV. Acórdase a imposición dunha sanción de 2.921,40 euros.